



Melloras a realizar na parroquia de San Paio de Carreira

Recuperación do Patrimonio Cultural.

Restauración das fontes de auga da parroquia. Inda que algunha delas xa foi obxecto de restauración, non estaría de máis facer algunha actuación de limpeza, reparación e adecentamento no resto das que quedan en pé, e tratar de descubrir de novo e limpar, as que están case que desaparecidas.

Restauración e adecentamento dos lavadoiros de Pedrín, Vixán, Oín, etc... Ditos lavadoiros deben de perpetuarse no tempo como exemplo de convivencia entre a natureza e as tarefas cotiás dos nosos antergos, limpando os regatos, e facendo que volte a pasar a auga por eles cando as choivas así o provoquen.

Adecentamento do cruceiro de Frións. Por mor da súa fragilidade ó estar a carón da estrada, debería estudarse o seu traslado. Unha opción sería trasladalo á parte alta de onde está, pero facendo un estudio de estruturación e recorte dos terreos do colexio, para poder facer unha pequena praza onde iría o cruceiro.

Adecentamento do Cristo dos Aflixidos. É unha vergoña que a carón dun monumento destas características estean dous contedores de lixo, amais de estar rodeado pola súa parte de atrás dun muro de bloques. Debería de minimizarse ese impacto visual, adecentando o muro e retirando os contedores do seu carón.

Recuperar os muíños do rego do Vilar. Dun total de trece, só cinco deles están recuperados. Inda así, tamén debería de recuperarse o curso do río e facer que volte a pasar auga polo mesmo nas épocas de choiva, canalizando o seu curso como estaba antigamente. Sería un reclamo turístico de grande beleza, e asemade tamén sería unha boa maneira de recuperar o noso pasado e a nosa Historia.

Recuperar os muíños do rego da Filgueira. Estes tres muíños, deberían de ser recuperados e o curso do río ser limpadado e adecentado para poder pasear pola beira do mesmo dende o cruce do Vilar ata a súa desembocadura en Listres como se facía ata non hai moitos anos. Non estaría de máis poder limpar e descubrir de novo os dous muíños que hai tamén no rego de Laxes, e os tres que hai no rego da Cidá por detrás do monte cara a Casal novo.

Capela de San Roque. Habería que tratar de falar co organismo responsable da estrada que pasa ó seu carón para que faga as obras correspondentes de afastar a vía uns cantos metros da capela, dándolle así máis seguridade á mesma do tráfico rodado, o cal repercutiría na afluencia de xentes á romaxe que se celebra nesa capela a mediados de Agosto, e engrandecería o

atractivo histórico artístico desta obra relixiosa. Tamén sería bo tratar de replantar especies de árbores autóctonas no entorno da capela e amañar a corredeira que leva ata o lavadoiro de Pedrín e parque periurbano.

Capela da Guía. Habería que tratar de recuperar o céspede de arredor da capela, así como tratar de adoquinar a súa praza de material acorde co monumento. Asemade, non estaría de máis eliminar os cabos de corrente e telefónicos que pasan polas paredes da capela. Tampouco sería mala idea plantar algún carballo no adro da capela, o cal embelecería o entorno ademais de dar boa sombra no verán.

Protección doutros elementos arquitectónicos. Tales como hórreos, casas antigas, muros de pedra, pozos artesanais, pombais, etc... Son o mellor legado histórico artístico que nos queda no medio do pobo. Embelece e da personalidade, algo que paseniñamente está a desaparecer.

Entorno natural e parque.

Potenciación do parque. O parque é algo máis que a praia do Vilar. Debería de coidarse dunha vez por todas a limpeza deste espazo, lagoa de Vixán, lagoa de Casalnovos, leiras limítrofes, camiños, etc.. e recuperar especies arbóreas autóctonas en novas plantacións. Os propietarios afectados deberían de ser compensados polas perdas que poidan ter por mor das desfeitas provocadas polos animais salvaxes do parque, e as súas propiedades deberían de limparse e acondicionarse para evitar lumes, insalubridade, etc.

Limpeza de regatos. Adecentamento e dragado dos regos de auga que hai pola parroquia; Arxinde, Listres, Castro, Vilar, Cidá, Amendo, etc.. para permitir que circule a auga en épocas de choivas, así como paseos paralelos para o desfrute dos veciños e rexeneración da natureza.

Melloras en estradas e camiños.

Beirarrúas dende Vixán ata A Graña. Por mor da grande cantidade de camiións que pasan por esta estrada, é moi recomendable facer esta obra.

Sinalización correcta de lugares. Non estaría de mais colocar sinais indicadoras de lugares nas estradas, así como eliminar ou lexislar correctamente as de anuncios que hai en tódalas estradas, pois semellan carteis de chiringuitos e dan unha imaxe penosa de cara ó turismo ademais de dar unha imaxe fea e caótica.

Tapar os baches de tódalas estradas. Son demasiados os buratos que hai nas estradas, e que sobre todo cando é noite, non se ven axeitadamente e soen ser causa de desperfectos nos automóviles. Tapalos sería unha boa opción, xa que non hai cartos para asfaltar todo como debería de ser.

Posta en valor e recuperación de restos arqueolóxicos.

Recuperación e posta en valor dos castros da Cidá e do Porto de Baixo. Reclamar a posta en valor como BIC dos restos do Porto de Baixo e máis do castro da Cidá, sinalalos de xeito adecuado e protexelos. Permitir escavacións e estudos axeitados.

Centros de ensino.

Adecantamento do Colexio do Corniño. Mete medo por fora e por dentro. O estado deste centro de ensino e terciromundista. Unha autentica vergoña.

Adecantamento da escola da Capela. Tratar de coidar o seu patio plantando céspede no mesmo, pois os seus usuarios son nenos pequenos. Asemade, debería de dotarse de sistemas de calefacción e aire acondicionado.

Colexio de Frións. Reparación das fochancas que se forman no seu patio cando chove, e mellorar o seu campo e xardín para uso e disfrute dos usuarios e veciños. Tamén se podería reducir un pouco o seu perímetro e así ensanchar a estrada que pasa ó seu carón, e tamén mellorar o entorno superior para o cruceiro.

Rúas, camiños e regos.

Colocación de placas de identificación en tódalas rúas da parroquia. Non é un gasto moi grande, e nembargantes e algo que debería de plantexarse. Asemade a parroquia de Carreira tamén ten dereito a nomear as súas rúas como se está a facer noutras parroquias do Concello.

Colocación de placas numéricas nas vivendas. Algo tan sinxelo como substituír as vellas placas azuis ou de pedra que se puxeron nas vivendas por outras onde ademais do número, apareza o nome do lugar de da parroquia como xa se está a facer noutros concellos de Galicia.

Adicar varias rúas a persoeiros que fixeron o ben para a parroquia. Xentes a día de hoxe case que descoñecidas como poden ser os párrocos Manuel Acuña ou Matías Rincón; Miguel Bretal, único alcalde que tivo o efémero Concello Constitucional de Carreira, ou a benefactores tales como foron o médico D. Serafín Torrado, e máis recentemente ós fundadores do Carreira Clube de Fútbol ou deportistas como Fran e Xosé Ramón, dos contados xogadores galegos que chegaron a levantar un trofeo de Campión de Copa de España de Fútbol e Liga.

Contenedores do lixo. Tratar de disimularlos un pouquiño, e sobre todo, organizalos de xeito correcto nas rúas, pois ás veces ocupan espazos que ben deberían de ser usados por coches ou persoas.

Festividades.

Reclamar o día 26 de xuño como o día da parroquia. E ensinarlle á veciñanza os nosos sinais de identidade, que non son Papa Noel, nin o descubrimento de América, nin Halloween, etc. xa que hai outras datas que merecen ser lembradas e celebradas, coma o santo ó que ten advocación a nosa antiga e histórica parroquia.

Potenciar as festividades locais. Procurar fomentar as festas tradicionais en diversos lugares da parroquia, tales como muiñadas, samaín, fogueiras de San Xoán, romaxe da Guía, etc.

Guías didácticas.

Editar guías didácticas culturais. Edición e reparto de guías didácticas coleccionables, que informen sobre a historia das parroquias do noso concello, costumes, profesións, etnografía, fotografía antiga, literatura, política, deporte, música, etc. Todo referente ó noso concello, e como medio de transmisión desta información sobre todo ás novas xeracións, para que non se esquezan do seu pasado.

Isto de momento...